

## **CRÓNICA DO ENCONTRO: MANUREVA T. MUNDO - CONCELLO DE PONTECESO F.S.F**

Partido atrasado no seu día, por deficiencias no Pabillón de Meicende, correspondente a la 7ª Xornada da liga Provincial Feminina, que enfrontou ó Manureva Talleres Mundo e ó Concello de Ponteceso, encontro disputado o luns 6 de decembro ás 12:00 horas no Pabillón Municipal de Ponteceso, que finalizou co resultado de 4-0 a favor do equipo local.

### **ALINEACIÓNS:**

MANUREVA T. MUNDO.- Melania, Lorena, Olalla, Lucía e Noa (cinco inicial). Tamén xogaron Cristina e Mª Jesús.

CONCELLO DE PONTECESO F.S.F.- Salomé, Silvia, Sonia, Chris e Marta (cinco inicial). Tamén xogaron Ana, Cris Santos, Mónica, Iria, Sabela e Tamara.

### **GOLES:**

1-0 (min. 22) Cristina.

2-0 (min. 31) Lucía.

3-0 (min. 35) Cristina.

4-0 (min. 38) Olalla.

Ainda o que reflexa o marcador, moi bó partido defensivo das xogadoras de Ponteceso, que chegaron o descanso cun marcador adverso de 1-0, e despois de aguantar 22 minutos tódalas acometidas das xogadoras Arteixáns, as cales só foron capaces de perforar a portería do equipo de ponteceso nun fallo na saída do balón que deixou a Cristina soa ante Salomé (min. 22).

Xa na segunda parte, e co Concello de Ponteceso ven plantado no terreo de xogo, chegou o gol de Lucía despois de varios rechaces dentro da área Pontecesán (min.31).

Pouco despois, no min.35, a xogadora do Manureva Cristina empalmaría un punteirazo que se colaba por toda a escadra da portería ven defendida por Salomé, sin que esta nada puidera facer.

Ó pouco do final o Manureva poñería o definitivo 4-0 nun contragolpe. Mellora do equipo Pontecesán que fixo unha moi boa primeira parte, e parece que lle empeza a tomar medida a competición, só falta que esa tensión defensiva a manteña os 50 minutos de partido, e seguro que se verá algunha sorpresa no municipal de Ponteceso.